




# *Plan de lectura anual*

## *Curso 2023/2024*



 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p><i>I.E.S. Lama das Quendas</i> R./ Uxío Novoneyra s/n 27500 - Chantada (Lugo)</p> <p>Telf.: 982870223 – Fax: 982870233 <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas">www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas</a> <a href="mailto:ies.lama.quendas@edu.xunta.es">ies.lama.quendas@edu.xunta.es</a></p>	
--	---	---

# ÍNDICE XERAL

<b>1. OBXECTIVOS.....</b>	<b>3</b>
<b>2. PROXECTO DO CLUB DE LECTURA .....</b>	<b>4</b>
2.1. BREVE HISTORIA DO CLUB.....	4
2.2. FINALIDADES DO CLUB DE LECTURA. RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR DE CENTRO E A BIBLIOTECA ESCOLAR....	4
2.3. ACTIVIDADES PROGRAMADAS. BREVE DESCRICIÓN DOS ESCENARIOS POSÍBEIS.....	5
2.4. COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES APROXIMADO. NÚMERO DE GRUPOS DE LECTURA PREVISTOS.....	6
2.5. FORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO .....	6
2.6. HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓN DE CARÁCTER PRESENCIAL.....	7
2.7. PERSOA COORDINADORA.....	8
2.8. MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR .....	8
<b>3. PROXECTO “RADIO NA BIBLIO” .....</b>	<b>9</b>
3.1. DESCRICIÓN .....	9
3.2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS .....	9
<b>4. ACHEGAS DOS DEPARTAMENTOS AO PLAN ANUAL.....</b>	<b>11</b>
4.1. DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....	11
4.2. DEPARTAMENTO DE DEBUXO.....	13
4.3. DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA .....	14
4.4. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA .....	16
4.5. DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA .....	17
4.6. DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.....	18
4.7. DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA .....	19
4.8. DEPARTAMENTO DE INGLÉS .....	20
4.9. DEPARTAMENTOS DE LATÍN E GREGO.....	22
4.10. DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ.....	27
4.11. DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA.....	31
4.12. DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS.....	36
4.13. DEPARTAMENTO DE MÚSICA.....	36
4.14. DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN .....	37
4.15. DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA.....	38
4.16. DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA .....	38
<b>5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DA BIBLIOTECA .....</b>	<b>40</b>
5.1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN: A BIBLIOTECA COMO LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES.....	40

---

5.2.	DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO .....	41
5.3.	FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL .....	42
5.4.	FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO .....	43
5.5.	AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA .....	43
5.6.	OUTRAS ACTUACIÓN S .....	44
5.7.	CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E PROCEDEMENTOS QUE SE VAN UTILIZAR .....	45
5.8.	PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADOR DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO .....	45
<b>6.</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....</b>	<b>47</b>
<b>7.</b>	<b>AVALIACIÓN DO PLAN.....</b>	<b>48</b>

## **1. OBXECTIVOS**

Como desenvolvemento do Proxecto Lector do centro, o I.E.S. Lama das Quendas elaborou un Plan Anual de Lectura no que se plasman todas as actuacións que os distintos departamentos didácticos pretenden realizar coordinadamente ao longo do curso para conseguir os obxectivos propostos en dito proxecto.

Os devanditos obxectivos son os seguintes:

- 1.- Incrementar e estimular os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa.
- 2.- Favorecer a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva.
- 3.- Contribuír a mellorar a súa competencia na expresión oral e escrita.
- 4.- Desenvolver as habilidades no proceso de busca de información tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías.

## 2. PROXECTO DO CLUB DE LECTURA

### 2.1. BREVE HISTORIA DO CLUB

O club de lectura *A Quenda do Libro* foi nado no IES Lama das Quendas no curso 2011-2012 cun grupo de alumnado de 1º e 2º de ESO, e un grupo de adultos (profesorado). Nos cursos seguintes houbo sempre varios grupos de alumnado e un grupo de profesorado máis outro de nais e pais ate acadar os catro grupos de alumnado dende 1º de ESO ate 2º de Bacharelato, un de *BD e manga*, outro de *poesía* e dous de adultas no pasado curso 2022-2023, aos que habería que sumar un grupo de cinema formado por profesorado do centro.

### 2.2. FINALIDADES DO CLUB DE LECTURA. RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR DE CENTRO E A BIBLIOTECA ESCOLAR

Neste novo ano de funcionamento do club de lectura *A Quenda do Libro* temos os mesmos obxectivos fundamentais que aparecen no noso **Proxecto Lector** e que nomeamos a continuación:

❑ Fomentar, incrementar e estimular o **hábito lector** entre as participantes; desenvolver unha función de **mediación lectora** ao servizo das persoas participantes ofrecéndolles alternativas no seu tempo de lecer.

❑ Favorecer o establecemento de **relacións interpersoais de cordialidade e amizade** entre alumnado de distintos cursos da educación secundaria e bacharelato, docentes, demais membros do persoal que traballa neste centro, nais e pais, antigo alumnado e calquera persoa interesada en transformar a actividade individual de ler e socializala. Así contribuímos á **convivencia** e ao **diálogo** no ámbito escolar e na vila favorecendo a experiencia lectora na nosa comunidade.

❑ Esforzarse en favorecer a **competencia lingüística** e a **comprensión lectora**, e **diversificar o seu ámbito de uso**, amosando a relación da actividade lectora con outros códigos (audiovisuais, imaxes, música, novas tecnoloxías...) e ofrécese un amplo **abano de xéneros para a lectura**.

❑ Potenciar a **competencia dixital (Plan TIC)**, poñéndoa en relación co proceso de lecto-escritura (mantemento do **blog** <http://aquendadolibro.blogspot.com.es>, potenciación do Foro de A Quenda do Libro e mantemento das páxinas de Facebook e Twitter de A Quenda do Libro).

❑ Educar no **uso crítico da información** e reflexionar sobre os contidos presentes nos medios de comunicación e nas obras de lectura seleccionadas.

❑ Colaborar con outros proxectos e Departamentos (Biblioteca, Dinamización Lingüística...) en actividades deseñadas tanto por eles como polo club, para levar a cabo dun xeito máis global as finalidades anteriormente referenciadas.

### **2.3. ACTIVIDADES PROGRAMADAS. BREVE DESCRICIÓN DOS ESCENARIOS POSÍBEIS**

Este curso, continuaranse coas reunións presenciais na biblioteca do centro todos os xoves e venres. De todos os xeitos, para optimizar a comunicación e que esta siga sendo o máis fluída e continua posíbel, manteremos os espazos na Aula Virtual no centro e o contacto por correo electrónico. As actividades que pasamos a referir son unha orientación, podendo ser eliminadas, modificadas ou cambiadas en función das necesidades e intereses que xurdan:

❑ Lectura de obras de interese literario e argumental para todos os grupos do alumnado e persoas adultas ao longo do curso (polo menos unha cada trimestre), principalmente en galego.

❑ Difusión da actividade do club nas redes sociais, taboleiros, medios de comunicación locais...

❑ Creación dunha conta de Bookinstagram para achegar o pracer da lectura a máis alumnado.

❑ Creación dun espazo dedicado ao club de lectura na Aula Virtual do centro para os grupos do alumnado e profesorado.

❑ Colaborar na elaboración de materiais, celebración de efemérides, organización de actividades e exposicións temporais que se fagan no centro tanto pola Biblioteca coma polos diferentes Departamentos.

❑ Creación dun espazo no Taboleiro de *A Quenda do Libro* para anuncios de *preciso, ofrezco, troco...*, para favorecer a solidariedade e socialización dos membros da comunidade escolar.

❑ Ampliación dos fondos en galego da biblioteca.

❑ Promoción da creación literaria orixinal con talleres de poesía e narrativa galegas, ou algún concurso de creación, continuando coa publicación *Quendas Estrañas* na que teñan acollida relatos, poemas e ilustracións de temática fantástica.

❑ Potenciación do Foro de lecturas do noso blog e Aula Virtual para favorecer o intercambio

de comentarios sobre as lecturas persoais e as do Club por parte de calquera que desexe ingresar na páxina.

- Colaborar coas bibliotecas existentes no concello e outras coas que se manterá contacto.
- Facer, con motivo do Día do Libro, unha reunión intergrupar, aberta a calquera persoa que desexe intercambiar opinións e comentarios sobre unha lectura que estará marcada.
- Fomentar a relación entre lectoras e destas coas autoras, na medida do posíbel, a través de contactos nas redes sociais.
- Continuar coa colaboración cos medios de comunicación locais na realización de diversas actividades de comunicación e fomento da lectura.
- Realización de actividades paralelas que teñan como base os libros lidos no curso (*booktrailers*, invención de xogos, curtametraxes, podcasts...).

#### **2.4. COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES APROXIMADO. NÚMERO DE GRUPOS DE LECTURA PREVISTOS**

Tendo en conta o bo funcionamento do club os pasados cursos, aínda coas variacións que se producen cada ano, contamos con manter grosso modo a media de participantes do alumnado, do profesorado e persoal non docente e das familias.

- **Profesorado e Persoal non docente:** arredor dunhas 10 persoas. Tentaremos continuar tamén co **Club do cinema**.
- **Alumnado:** arredor de 50 persoas divididas nos grupos *fantasía, as outras, poesía e BD/manga*.
- **Familias:** contamos seguir con arredor das 5 persoas.

#### **2.5. FORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

Continuaremos co eixe temático de **Literatura fantástica** iniciado hai uns cursos e que nos leva funcionando moi ben. Faremos un único grupo que abranga os subxéneros nos que o dividiamos nos pasados cursos (*fantasía épica, terror e ciencia ficción*), mantendo o grupo iniciado no 2021/2022 de *BD e manga* por unha banda, e o grupo *as outras* para aquel alumnado que non teña interese nos anteriores pola outra. Tamén intentaremos continuar co grupo de **Poesía e Novela**.

En cada un haberá diferentes lecturas recomendadas e presentadas durante cada trimestre, con posibles actividades a realizar en cada unha. O alumnado será libre de escoller en que grupo estar, podendo cambiar tras cada avaliación escolar. Pensamos que pode ser enriquecedor, vendo o xa vivido e experimentado, así como as experiencias noutros centros, que alumnado de diferentes idades, mais con gustos semellantes, poidan compartir o seu gusto pola lectura e diversas inxerencias artísticas e culturais.

Seguiremos mantendo os dous grupos de lectura de adultos: un cos membros do profesorado e o persoal non docente e outro con nais/pais e outras persoas interesadas. Ademais, tamén contamos con manter o subgrupo de cinema vencellado ao do profesorado iniciado en cursos pasados.

E por suposto, volveremos facer un grupo mixto, que realizará lecturas extra e que estará aberto a calquera que desexe participar independentemente de que sexan alumnas ou adultas.

## **2.6. HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓN DE CARÁCTER PRESENCIAL**

Tentaremos comezar canto antes coas reunións presenciais nos diferentes cursos, xa que é nelas nas que xorde a maxia da comunicación oral ao compartir experiencias lectoras e, xa que logo, vitais. Dese xeito, todos os recreos haberá un espazo na Biblioteca asignado ao club de lectura, onde os diferentes grupos poderán, xa dende o comezo, artellar calendarios de reunións, propostas de lecturas e actividades... E no que toca aos grupos de persoas adultas, contra finais de setembro enviaremos información á comunidade educativa para facer unha reunión inicial na primeira quincena de outubro e, xa que logo, botar a andar os devanditos clubs. De todos os xeitos, como os pasados cursos, a existencia do espazo na Aula Virtual pode ser unha boa oportunidade para potenciar e afianzar a competencia dixital das persoas que se apunten ao club, desenvolvendo foros e actividades paralelas que poidan converterse nunha fiesta aberta ao mundo.

Para todo elo contarán cunha grande importancia as diferentes canles existentes do club:

- Blog: [www.aquendadolibro.blogspot.com.es/](http://www.aquendadolibro.blogspot.com.es/)
- Facebook: [www.facebook.com/AQuendaDoLibro/](https://www.facebook.com/AQuendaDoLibro/)
- Twitter: [www.twitter.com/AQuendadoLibro](https://www.twitter.com/AQuendadoLibro)



- Aula Virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas/aulavirtual/course/index.php?categoryid=73>
- Ivoox “A fume de qarozo”: [https://www.ivoox.com/perfil-a-fume-qarozo\\_aj\\_18267495\\_1.html](https://www.ivoox.com/perfil-a-fume-qarozo_aj_18267495_1.html)
- Conta de correo electrónico [clubdelecturalq@gmail.com](mailto:clubdelecturalq@gmail.com)

## **2.7. PERSOA COORDINADORA**

A persoa coordinadora do club *A Quenda do Libro* será **Tania Fernández Rodríguez**, profesora do departamento de Bioloxía. Ela será a encargada de manter o contacto cos membros do club, programar as reunións e as diversas actividades a desenvolver, e dar publicidade de todo o anterior nas diferentes canles a disposición deste proxecto.

## **2.8. MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR**

*Nos primeiro mes de clases realizaranse as seguintes actuacións:*

1. Entrega de folla informativa ao alumnado, profesorado e persoal non docente do centro da existencia do club de lectura e das súas particularidades para o presente curso, mantendo o contacto a través do correo electrónico con todas aquelas persoas que estiveron nos diferentes grupos nos pasados cursos.
2. Informar aos nais/pais/titoras/adultas en xeral da existencia do club por medio doutra folla informativa que se lles fará chegar a través do alumnado para que poida participar quen o desexe, así como polas canles xa existentes con aquelas que xa pertencían no pasado.
3. Comunicacions da existencia do Club e as súas actividades e obxectivos a través dos medios de comunicación locais e comarcais, así como polas canles de difusión do club nas redes sociais.

*A desenvolver ao longo do curso:*

1. Mantemento do blog creado (difusión na rede): <http://aquendadolibro.blogspot.com/>
2. Proporcionar información relativa ao club no taboleiro colocado na entrada do IES para tal efecto e nas páxinas de Facebook e Twitter, así como no espazo creado na Aula Virtual do centro.
3. Difusión boca-orella das rapazas e rapaces ás compañeiras e veciñas da vila.
4. Colaboración cos medios audiovisuais locais para a difusión das actividades realizadas polo club e solicitar a colaboración de quen estivera interesado.

### **3. PROXECTO “*RADIO NA BIBLIO*”**

#### **3.1. DESCRINCIÓN**

Creación de contido radiofónico pola comunidade educativa do I.E.S. Lama das Quendas, sendo a Biblioteca o punto de encontro e referencia

Será o alumnado interesado, xunto co profesorado colaborador, quen redactará e elixirá o guiión e o formato, quen comorará a banda sonora, quen contactará con artistas e bandas para ser entrevistadas, quen levará a promoción e difusión polas redes sociais, quen preparará e gravará as diferentes seccións, quen aprenderá a montar e secuenciar o material sonoro...

En definitiva, achegaranse á realidade dunha pequena produtora radiofónica nun proxecto de centro global e inclusivo. Segundo se vaian formando os diversos grupos de persoas interesadas dos diferentes colectivos da comunidade educativa, iranse establecendo as diversas liñas de actuación.

#### **3.2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

Esta actividade traballa as seguintes competencias educativas:

- Competencia en comunicación lingüística, xa que o alumnado terá que elaborar os guiións e material do programa.
- Tratamento da información e competencia dixital, xa que o alumnado empregará as novas tecnoloxías para a elaboración do material e da publicidade do programa, así como a gravación e montaxe do mesmo.
- Competencia para aprender a aprender, xa que o alumnado terá que ir solucionando os problemas cos que se vaia atopando, empregando para elo tanto as posibles experiencias previas, como un certo grao de imaxinación e improvisación aplicadas.
- Competencia social e cidadá, xa que o alumnado terá que cooperar e saber comunicarse en distintos contextos, expresando as ideas propias e escoitar as dos outros, compartindo, organizando e participando co resto da comunidade educativa.

- Autonomía e iniciativa persoal, xa que o alumnado deberá de ser consciente da necesidade de actuar con creatividade, responsabilidade e perseveranza para, deste xeito, tomar conciencia das problemáticas e deseñar, propoñer e desenvolver plans persoais e colectivos. Do mesmo xeito, deberá de ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos, así como relacionarse e traballar en equipo de maneira cooperativa e flexíbel para desenvolver habilidades persoais e de grupo e mellorar a relación cos demais conseguindo unha práctica da cooperación.

- Competencia cultural e artística, xa que o alumnado deberá coñecer, apreciar, comprender criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, empregándoas como fonte de deleite e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos, tendo unha actitude aberta e receptiva ante a plural realidade artística, conservando o común patrimonio cultural e fomentando a propia capacidade creadora.



## 4. ACHEGAS DOS DEPARTAMENTOS AO PLAN ANUAL

### 4.1. DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Os textos son un recurso máis na materia, xunto coas experiencias no laboratorio constitúen a fonte de información básica, vehiculada ás veces pola intermediación do profesorado, e de acceso directo por parte do alumno noutras ocasións. A lectura é unha tarefa cotiá previa a calquera outra actividade.

As competencias básicas relacionadas coa información e comunicación implican a adquisición das destrezas en lectoescritura; unha correcta interpretación de textos é fundamental no noso Departamento no que procuramos que o alumnado acade habilidades expresivas propias da linguaxe científica, a cal, desde sempre, se define pola claridade, a precisión e a concisión.

Por todo o cal, asumimos as directrices relacionadas coa formación lectora definidas no proxecto lector do centro.

Procuraremos que a dedicación á lectura non sexa **nunca inferior a un vinte por cento do horario**, repartida de xeito flexíbel a criterio do profesorado que imparte a materia: ao longo das distintas sesións semanais ou concentrado nunha ou dúas sesións en función da resposta do alumnado, intentando non deixar lecturas inconclusas e procurando non cansar ou facer aborrecer a actividade.

Lemos e traballamos as características de textos predominantemente informativos e en todos os formatos. Traballamos con:

- Textos xornalísticos (de información, de opinión) na prensa convencional ou en publicacións periódicas de carácter divulgativo relacionadas coas nosas materias (*I y C, Cerna, Muy Interesante...*) e na internet sobre aspectos de actualidade relacionados coa nosa materia.
- Textos publicitarios (visuais, escritos), etiquetado de produtos alimentarios...
- Textos ensaísticos ou de divulgación científica (extraídos de fontes diversas: enciclopedias, dicionarios específicos, estudos monográficos, páxinas da internet...).
- Guías e claves (de botánica, de zooloxía, de xeoloxía...).
- Atlas anatómicos.

- CD Rom interactivos e películas didácticas.

### **Itinerarios lectores**

Ofrecemos ao alumnado recomendacións de lecturas, aínda que non contemplamos, de momento, a elaboración de itinerarios lectores para a nosa materia. Con todo, hai textos básicos que sempre están no noso metafórico baúl de lecturas:

- ***O Discurso do Xefe da Nación Seattle ao Presidente en Washington.***
- ***Vinte mil leguas de viaxe submarina*** de JULES VERNE.
- ***A orixe das especies*** de CHARLES DARWIN.
- ***El mono desnudo*** de DESMOND MORRIS.
- ***Historia de la Ciencia*** de ISAAC ASIMOV.
- ***Un mundo feliz*** de ALDOUS HUXLEY.
- Biografías de CURIE e Darwin.
- Outro documento, de carácter fílmico: ***Dersu Uzala*** de AKIRA KUROSAWA.

### **Criterios de avaliación**

Non avaliamos de xeito directo a formación lectora, aínda que si indirectamente, pois o Departamento considera que unha correcta selección, adquisición e análise da información é moi relevante na formación científica. Por outra banda, a expresión coherente, clara e sen faltas de ortografía é unha esixencia para calquera traballo, actividade ou exame que o alumnado realice.

### **Utilización de recursos da biblioteca do centro**

- Colaboración no deseño das actividades que a Biblioteca e/ou a Vicedirección organicen relacionadas coa celebración de actos ou efemérides relevantes para as nosas disciplinas: Medioambiente, Sida, Árbore, etc.
- Colaboración na difusión e animación á lectura cando desde outras instancias do Centro así se nos requira (Día do Libro, da Paz, Dereitos Humanos, Muller...)
- Como centro de recursos para a investigación e a elaboración de traballos de todo tipo.

## 4.2. DEPARTAMENTO DE DEBUXO

Desde esta materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual así como a de Debuxo Técnico, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como os seguintes:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partires do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

Para iso, algunhas das actividades propostas poden ser:

- Dedicación á lectura naqueles temas teóricos da materia, e en tema educación en valores e afectiva, temas que potencien súas emocións, sensibilidade y creatividade vándose reflectida na realización e mellora do seos sucesivos traballos presentados, de maneira que esa lectura vaia acompañada coa explicación correspondente do profesorado no caso de ser contidos da programación, o con explicacións, exposicións e anotacións por parte do alumno cando sexa en base a educación en valores e afectiva. Posteriormente, o alumnado podería elaborar esquemas que lle axudasen a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe.
- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados coa Expresión Grafico-Plástica.
- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia o lectura realizada.
- Elaboración dun vocabulario específico da lectura realizada e da materia se e o caso. Nun caderno iranse anotando os diferentes termos específicos e novos que vaian xurdindo ao longo do curso escolar.
- Os libros de lectura obrigatoria recomendado para os distintos niveis serán os indicados nas táboas expostas de seguido.

• Os libros de lectura recomendados por curso, serán avaliados dun xeito u outro, ben sexa facendo unha avaliación, actividade, cubrindo cuestionarios, enquisas, elaboración dun traballo por temas, segundo o estime o profesor. Se fará unha avaliación da metade do libro en 1º Bacharelato e outra en 2º Bacharelato, unha vez dividido o libro en 2 cursos debido a súa dificultade e comprensión, xa que se propoñe un libro mais axeitados a materia de Debuxo Técnico. Para a ESO se establece lectura do libro de texto durante todo e lectura de temas que se adapten mellor o nivel do alumnado, como “Aplicate el cuento” de Jaume Soler e M. Mercê Conangla o cal está na biblioteca do centro a disposición do alumnado cando o necesitan.

1º e 2º Bacharelato				
Mario Livio	La Proporción Áurea	Planeta de Libros Colección Ariel	2008	9788434455313

### 4.3. DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

O departamento de Economía imparte as materias optativas de Economía (ensinanzas académicas) e *Iniciación a Actividade Emprendedora e Empresarial* (ensinanzas aplicadas) en 4º da ESO. Nasas materias levaranse a cabo diversas propostas de traballo co obxectivo de axudar na mellora da competencia lectora do alumnado.

Hai que ter en conta que o alumnado terase que habituar a ler e analizar o lido para entender os diferentes conceptos, relacionalos e obter a información necesaria que lle permita resolver as diferentes actividades propostas no curso.

Desde esta materia tratarase de fomentar a mellora no alumnado das seguintes capacidades:

- Ler coa debida fluidez, claridade e entoación.
- Identificar e interpretar as ideas principais nos textos lidos.
- Obter información significativa dos textos lidos.
- Relacionar a información obtida dos materiais de lectura cos coñecementos previos.
- Facer resumes e esquemas axeitados ou mapas conceptuais do material lido.
- Expoñer ante o profesorado e resto de compañeiras e compañeiros de grupo o resultado das actividades feitas, respectando unha serie de regras comunicativas.

- Identificar conceptos novos a partir do contexto nos que estes se atopan nos textos.
- Relacionar ou comparar distintas ideas ou conceptos e facer inferencias a partir dos mesmos.
- Interpretar e resumir o significado de imaxes e comentarios que aparecen en vídeos relacionados coa materia.
- Realización de actividades escritas cunha presentación axeitada, unha exposición coherente das ideas e evitando erros ortográficos e gramaticais

Polo tanto, no desenvolvemento da materia ao longo do curso requirirase a lectura de diverso tipo de información. A continuación amósanse as fontes de lectura máis importantes:

- Artigos nos que se amosan ideas de negocio de diferentes persoas con ánimo de fomentar o interese polas iniciativas emprendedoras.
  - Artigos relacionados cos conceptos económicos vistos ao longo do curso.
  - Textos legais do ámbito do dereito mercantil, fiscal e laboral.
  - Noticias de prensa relacionadas co mundo dos emprendedores e da economía.
  - Vídeos relacionados co mundo emprendedor e da economía.
  - Información de páxinas web con temática específica sobre o mundo da empresa e dos emprendedores (bancos de ideas, inventos, innovacións, oportunidades de negocio, etc.) e sobre aspectos económicos básicos (inflación, PIB, Renda Nacional, taxa de desemprego, orzamentos públicos, etc.)
- Dicionarios específicos de economía, empresa e comercio para a consulta de termos que se usan en relación coa materia na linguaxe cotiá na aula.
  - Material sinxelo en lingua inglesa (dicionarios, artigos, documentos) relacionado co mundo da empresa.
  - Plans de empresa xa elaborados por outras persoas.
  - Textos de actividades relacionadas coa materia.
  - Documentación teórica propia da materia.

As actividades propostas son:

- Lectura en voz alta por parte do alumnado dos textos das actividades. Posteriormente pódese pedir ao alumnado que faga un resumen do lido interpretando o que hai que facer.



- Lectura en voz alta ou individualmente por parte do alumnado de contidos teóricos propios da materia seguidos coa posterior explicación parte do profesor/a. Posteriormente, o alumnado sacará conclusións, elaborará esquemas que lle axuden a estruturar eses contidos...
  - Interpretación de esquemas conceptuais.
  - Busca de certa información na Internet, dicionarios, prensa, etc. Por exemplo: busca de ideas emprendedoras consultando bancos de ideas en internet; busca e análise de artigos relacionados co mundo de emprendemento ou da economía e que se relacionen cos conceptos vistos; etc.
  - Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia e que impliquen a consulta de diferentes materiais (libros, revistas, prensa, etc.)
    - Exposición na clase do resultado das actividades feitas.
    - Visión de vídeos sobre os que alumnado ten que interpretar e resumir certa información, interpretar imaxes, contestar a certas preguntas...
  - Elaboración dun vocabulario específico da materia, anotando nun caderno os termos específicos e novos que vaian xurdindo ao longo do curso.

Estas actividades estarán habitualmente presentes, en maior ou menor grao, na propia dinámica das sesións lectivas.

#### **4.4. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA**

O departamento de educación física, tendo en conta o plan lector do centro, e para potenciar o fomento da lectura entre o alumnado, fará propostas de traballo nas súas sesións como:

- Lectura comprensiva para identificar a capacidade do alumnado para destacar as ideas principais do texto acompañada ca explicación do profesorado dos aspectos teóricos de cada tema e elaboración de esquemas e resumos que faciliten a aprendizaxe significativa.
  - Realización de traballos de investigación sobre diferentes contidos da materia.
  - Comentarios sobre vídeos das diferentes actividades físicas, deportes, etc., e interpretación de maneira oral ou escrita para comprendelo de maneira global.
  - Lectura de textos, revistas ou prensa relacionadas coa Educación Física.
  - Elaboración dun vocabulario específico de Educación Física.

#### **4.5. DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA**

Poranse en práctica estratexias destinadas a mellorar a competencia lectora orientadas a:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partires do lido).
  - Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
  - Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

En ocasións deberán facer presentacións e reseñas en vídeo sobre os libros lidos. Ademais traballarase a comprensión lectora con análises guiadas de textos.

#### **FILOSOFÍA -4º E.S.O.**

O alumnado poderá ler con carácter optativo algún dos seguintes libros:

- PATTON, CANNON. *Filosofía en viñetas*. DeBolsillo.
- SAVATER, F. *Historia de la filosofía sin temor ni temblor*. Ariel.
- SAVATER, F. *Ética para o meu fillo*. Ariel.

#### **FILOSOFÍA -1º BACHARELATO.**

Os alumnos deberán ler con carácter obrigatorio ler ao longo do curso a novela filosófica:

- GAARDER, J. *El mundo de Sofía*. Siruela.

Sobre o libro faranse controles trimestrais e levarase un seguimento continuado das lecturas dedicando varias sesións académicas a tal fin.

E con carácter optativo para durante o segundo trimestre calquera dos seguintes libros:

- FROMM, E. *El arte de amar*. F:C:E.
- DE BOTTOM,A. *Las consolaciones de la filosofía*. Punto de lectura.
- RIVERA, J.A. *Lo que Sócrates diría a Woody Allen*. Espasa.
- SAVATER, F. *Las preguntas de la vida*. Ariel.
- FRANKL, V. *El hombre en busca de sentido*. Herder.
- PIGLIUCI, M. *Como ser un estoico. Utilizar la filosofía antigua para vivir una vida moderna*. Ariel.
- COX, G. *Guía existencialista para el universo, la muerte y la nada*. Alianza.
- ONFRAY, M. *Antimanual de filosofía*. Ariel.
- BRAUSNTEIN,J F. *La filosofía se ha vuelto loca*. Ariel.

### **FILOSOFÍA -2º BACHARELATO.**

O alumnado poderá elixir con carácter optativo para o segundo trimestre algunha das seguintes obras:

- SANDEL,M. *Justicia*. Destino
- PLATÓN. *El banquete*. (hai varias edicións)
- DESCARTES, R. *Discurso do método*. (hai varias edicións)
- MARXX. ENGELS, F. *Manifiesto comunista*. (hai varias edicións)
- FERRY, L. *Aprender a vivir*. Punto de lectura.
- LOCKE, J. *Carta sobre la tolerancia*. Alianza.
- NIETZSCHE, F. *Genealogía de la moral*. Alianza
- BRAUSNTEIN,J F. *La filosofía se ha vuelto loca*. Ariel

## **4.6. DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**

### **1º E.S.O.**

Como libros de lectura temos pensado ler e escoitar cada capítulo ou algún extracto de:

- *Mon ami Gu.*

- *Jeanne d'Arc*. Ed. Vicens Vives.

## 2º E.S.O.

Como libros de lectura temos pensado ler e escoitar cada capítulo ou algún extracto de:

- *La momie du Louvre* de R. BOUTÉGÈGE, S. LONGO. Ed. Vicens Vives.
- *Dans la maison bleue* de Thierry Gallier, Santillana.

## 3º E.S.O.

Como libros de lectura temos pensado ler e escoitar cada capítulo ou algún extracto de:

- *Deux ans de vacances* de JULES VERNE, adaptation. Ed. Vicens Vives.
- *La lettre de Cordoue* de Thierry Gallier, Santillana.
- *Éric a disparu* de RÉGINE BOUTÉGÈGE et SUSANA LONGO. Ed. Vicens Vives.

## 4º E.S.O.

Como libros de lectura temos pensado ler e escoitar cada capítulo ou algún extracto de:

- *Le mystère de la chambre jaune* de GASTON LEROUX.
- *La Valse des Tarots* de R. BOUTÉGÈGE, S. LONGO. Ed. Vicens Vives.
- *Vol dans le Vieux-Lyon* de R. BOUTÉGÈGE, S. LONGO.
- *Michel et l'autre* de R. BOUTÉGÈGE, S. LONGO. Ed. Vicens Vives

## **4.7. DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA**

Tratando de fomentar a lectura e potenciar a competencia lectora, o departamento de Física e Química leva a cabo as seguintes actividades co alumnado:

- Lectura de textos científicos recollidos en libros de texto ou en artigos de prensa.
- Lectura de temas da materia no libro de que posteriormente irán acompañados da

explicación do profesorado.

- Lectura voluntaria de libros de divulgación científica como: *Cien Preguntas Básicas de la Ciencia*, *Breve Historia da Química* (Autor ASIMOV). *Esas Funestas Fuerzas y esa Caótica Química* (Autor NICK ARNOLD).

O departamento imparte Ciencias Naturais en 2 ° de E.S.O. e neste nivel todas as semanas dedicamos media hora a ler distintos textos relacionados coa materia.

#### **4.8. DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

A materia de lingua inglesa está directamente relacionada co fomento da lectura posto que, ao tratarse da aprendizaxe dunha lingua, a competencia lectora e o desenvolvemento de estratexias para acadala é un dos seus obxectivos básicos.

A través do libro de texto, da internet, periódicos, revistas e outros recursos e soportes os alumnos entrarán en contacto con todo tipo de textos: cartas, mensaxes electrónicos, receitas de cociña, instrucións, tiras cómicas, novelas, folletos turísticos, anuncios, horarios, menús, extractos de obras literarias, artigos de periódicos, revistas e publicacións na rede, letras de cancións...

As estratexias de comprensión lectora, que son comúns ao inglés, galego e castelán, serán traballadas nas actividades ordinarias da aula. Algunhas destas estratexias implicadas na competencia lectora son:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información específica (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partires do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

Animarase ao alumnado a facer unha primeira lectura rápida dos textos, sen preocuparse de entender todas e cada unha das palabras, senón intentando entender a idea principal. Tamén se lles animará a usar debuxos, fotografías ou calquera outra imaxe que acompañe o texto para predicir o seu contido. Procurarase que se afagan a deducir polo contexto o significado do vocabulario descoñecido, e a non buscar inmediatamente as palabras novas no dicionario, conseguindo así unha lectura máis fluída, rápida e agradable.

Ademais, aparte da lectura de todo tipo de textos na aula, o departamento de inglés vai desenvolver outras actividades de fomento da lectura:

### **Libros de lectura (reader)**

O Profesor decidirá se os alumnos len obrigatoriamente (ou tamén pode propoñelo/s de xeito voluntario) un ou mais libros graduados en inglés en cada nivel.

O obxectivo é que esta lectura sexa individual e autónoma e se realice fóra da aula, aínda que o profesor ou profesora proporcionará na clase toda a axuda que o alumnado individualmente ou a clase en xeral necesite para resolver as dificultades e cuestións puntuais con respecto á comprensión. Tamén animará ao alumno a que realice as actividades de comprensión da lectura que propón o propio libro, aínda que isto non será de carácter obrigatorio.

### **Uso de materiais da biblioteca**

Na biblioteca do centro, os alumnos e alumnas teñen á súa disposición libros de lectura en inglés apropiados para o seu nivel de competencia, que abarcan temas de moi variada índole (música, deportes, información sobre países de fala inglesa, adaptacións de obras literarias inglesas e americanas, etc.). Estes libros, que están á disposición do alumnado mediante préstamo, proporcionaranlles a oportunidade de ler en inglés sobre aqueles temas que lle interesen persoalmente.

O profesorado animará ao alumnado á lectura dalgún destes libros ao longo do curso, e poderanse ter en conta como un elemento positivo para a súa avaliación global.

### **Textos en soporte dixital**

O profesorado vai proporcionar actividades e proxectos aos alumnos para que fagan uso de páxinas web en inglés. Esta páxinas son unha fonte moi importante de inglés “auténtico” (non simplificado para facilitar a aprendizaxe), e proporcionan temas de actualidade e próximos aos intereses das alumnas e alumnos e tarefas moi motivadoras para eles.

Por outra banda intentarase que o alumnado interesado, e dada a situación creada polo Covid-19, poida acceder a material dixital ofertado por algunhas editoriais. Estes recursos abranguen dende o libro de texto ata “ licenzas biblioteca” coas que terán acceso a un número variado de libros de lectura de diferentes niveis.

## **4.9. DEPARTAMENTOS DE LATÍN E GREGO**

Desde este departamento, e tendo en conta o **proxecto lector** do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como os seguintes:

- Adquirir e consolidar o hábito lector e mellorar a competencia lectora individual: favorecer o uso correcto (oral e escrito) das linguas de ensino - aprendizaxe.
- Consecución das competencias curriculares: axuda na comprensión lectora de textos (ou outro material complementario) que deben manexar nas tarefas escolares; apropiación do vocabulario específico de cada área.
  - Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
  - Obter información (capacidade para extraer información do texto).
  - Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
  - Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
  - Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

Ao tratarse o latín e o grego dunha lingua, é un dos seus obxectivos primordiais o tratamento da competencia lingüística, e consideramos un dos procedementos fundamentais para elo o fomento da lectura e da escritura.

Unha correcta competencia lectora e escritora facilita ademais os mecanismos que permiten a autonomía na aprendizaxe, o achegamento as fontes de información, a posibilidade de aprender a aprender e supón un estímulo para a formación do seu espírito estético.

O fomento da lectura e escritura farase a través de distintas actividades ao longo do curso:

- Dedicación á lectura naqueles temas teóricos da materia, de maneira que esa lectura vaia acompañada coa explicación correspondente do profesorado. Posteriormente, o alumnado podería elaborar esquemas que lle axudasen a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe.

- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados co mundo clásico.
- Lecturas voluntarias e obrigatorias de distintas obras literarias que teñen como temática e ambientación o mundo romano e o grego. Para isto na biblioteca escolar do centro contamos con ampla bibliografía que permitirá o acceso dos alumnos a esas lecturas.

- Sobre os libros lidos, traballos de recreación artística, que fomenten o interese pola lectura e pola creación.

- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
- Lectura e exposición dos traballos realizados co gallo de calquera acontecemento que se celebre durante o curso escolar e que teña relación cos contidos da nosa materia. Por exemplo, a realización de **tarxetas de felicitación do Nadal en latín**, lectura da historia de amor de **Orfeo e Euridice ou outras sacadas de Ovidio** para conmemorar o Día de San Valentín, ou a lectura da situación da muller en Grecia e Roma ou de fragmentos de obras e biografías de mulleres da antigüidade clásica para celebrar en marzo o **día da muller** traballadora, traballos para conmemorar o **Día do Libro “Dies Librorum”** con un recital de lecturas ou exposición de portadas de libros do mundo clásico...

- Elaboración dun vocabulario específico das linguas e cultura clásicas.
- Traballo co vocabulario latino e grego, relacionado coas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma.

- Colaboración coa revista do Equipo de Dinamización Lingüística.



• Como lecturas poderán realizarse algunha(s) do seguinte listado de lecturas seleccionadas por curso por curso:

## E.S.O.

### Cultura Clásica (3º ESO)

Como libros de lectura podemos ler algún capítulo ou extracto adaptado de:

- **Metamorfosis**, OVIDIO. (Fragmentos)
- **Ars amandi, amores** OVIDIO. (Fragmentos)
- **Ab urbe condita**, Tito Livio. (Fragmentos)
- **Teogonía**, HESÍODO. (Fragmentos)
- **Traballos e días**, HESÍODO. (Fragmentos)
- **Antoloxía da Ilíada e a Odisea**, HOMERO.
- **Clásicos Adaptados** (por editoriais ou polo profesor).
- Poderase sacar algunha lectura desta lista, segundo necesidades e conveniencia:
  - **Naves negras ante Troya. La historia de la Ilíada.** Rosemary Sutcliff. Vicens Vives. (Clásicos adaptados).
  - **Las aventuras de Ulises. La historia de la Odisea.** Rosemary Sutcliff. Vicens Vives. (Clásicos adaptados).
  - **Los doce trabajos de Hércules.** James Riordan. Vicens Vives. (Clásicos adaptados).
  - **Jasón y los Argonautas.** James Riordan. Vicens Vives. (Clásicos adaptados).
  - **La Eneida**, VIRXILIO. (Adaptación)

## 1º de Bacharelato

### Latín I

Como libros de lectura podemos ler dependendo das posibilidades e intereses do curso algún sacado da seguinte lista:

▪ **Una de romanos.** C. Goñi. (ler capítulos relacionados coa fundación de Roma, a Monarquía e o Imperio. Deste libro existen actividades colgadas en Internet que poden ser realizadas polos nosos alumnos).

- **Laureles de ceniza.** Rouland. (ler fragmento onde se ven as Saturnalia).
- **Así vivían los romanos,** Ed. Anaya.
- **Guárdate de los Idus,** de Lola González.
- **El asno de oro,** de APULEYO
- **La Eneida,** VIRXILIO. (Algunha parte, Fragmentos).
- **Metamorfosis,** OVIDIO. (Fragmentos).
- **Ars amandi, amores** OVIDIO. (Fragmentos).
- **Aulularia, Anfitrión,** PLAUTO, ed. Vicens Vives.
- **Guerra das Galias,** Xulio César. (Fragmentos).
- **Discursos,** Cicerón. (Fragmentos).
- **Ab urbe condita,** Tito Livio. (Fragmentos).

Ademais das lecturas propostas, para **Latín I** como lectura obrigatoria durante o curso propoñemos:

- **Extractos ou capítulos soltos da Eneida.** (Partes adaptadas e non adaptadas)
- **Aulularia, Anfitrión,** PLAUTO, ed. Vicens, Vives.

## **2º de Bacharelato**

### **Latín II**

Xa que o alumnado de 2º de Bacharelato pode acceder a Proba de Acceso a Universidade (ABAU), durante o presente curso e segundo as directrices marcadas pola CIUG, como lecturas propóñense textos que se corresponden cos temas de literatura a estudar. Ditas lecturas acordadas cos alumnos e repartidas segundo as posibilidades e necesidades entre as tres avaliacións sacaranse de:

a) **Historiografía:** **Tito Livio,** A traxedia de Lucrecia ou outros fragmentos (Tito Livio, *Historia de Roma desde su fundación*, I, 56, 4-60).

**b) Oratoria e retórica:**

- **Cicerón:** Partes de Pro Milone, Catilanas e/ou Filípicas.
- **Tácito,** Selecta de discursos varios (como poden ser entre outros os de Calpurnio e Agrícola (Tácito, *Agrícola*, 29-38).

**c) Épica:**

- **Virxilio,** Partes coma o libro II ao que se pode engadir algún máis.
- **Ovidio,** Diversos extractos que poden ser, entre outros, os de Apolo e Dafne (*Metamorfoses*, I, 452-567), Píramo e Tisbe (*Metamorfoses*, IV, 55-166) e Orfeo e Eurídice (*Metamorfoses*, X, 1-71).

**d) Lírica: Selección de poemas de **Horacio e Catulo,******e) Teatro: **Plauto, Aulularia, Anfitrión,** PLAUTO, ed. Vicens Vives.****Grego II**

Xa que o alumnado de 2º de Bacharelato pode acceder a Proba de Acceso a Universidade (ABAU), durante o presente curso e segundo as directrices marcadas pola CIUG, como lecturas propóñense textos que se corresponden cos temas de literatura a estudar. Ditas lecturas acordadas cos alumnos e repartidas segundo as posibilidades e necesidades entre as tres avaliacións serán:

- **1ª Avaliación:** escolma de cantos da *Ilíada* de Homero.
- **2ª Avaliación:** *Edipo Rei* de Sófocles.
- **3ª Avaliación:** As asemblearias de Aristófanes.

As lecturas da lírica de Arquíloco, Safo e Anacreonte irán facéndose na 1ª e 2ª avaliación.

As lecturas de historiografía, fragmentos de Heródoto, Xenofonte e Tucídides irán facéndose na 2ª e 3ª avaliación.

#### **4.10. DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ**

Desde o departamento de Lingua castelá e literatura e segundo sinala o proxecto lector do centro:

1.- Asumimos o compromiso de potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe, para mellorar a expresión oral e escrita e como principio para construír o espírito crítico necesario para o crecemento persoal do alumnado.

2.- Deseñaremos e integraremos as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario respondendo ás características e necesidades da materia.

3.- Traballaremos a comprensión lectora conxuntamente coa escritura e a expresión oral.

4.- Trataremos de implicar ás familias no obxectivo de elevar a competencia lectora dos seus fillos e fillas, informándolles do contido do noso proxecto lector e pedindo a súa colaboración.

5.- Empregaremos todos os recursos dispoñibles para o desenvolvemento do proxecto lector asumindo que a Biblioteca escolar do centro debe ser o punto dinamizador deses recursos, que ten que pór a disposición de toda a comunidade educativa.

É por isto que nos marcamos os seguintes obxectivos para conseguilos desde a nosa materia en particular:

- a) Incrementar e estimular os hábitos de lectura dos alumnos e alumnas.
- b) Favorecer a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva.
- c) Contribuír a mellorar a súa competencia na expresión oral e escrita.
- d) Desenvolver as habilidades no proceso de procura de información tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías.
- e) Organizar tempos para a lectura no horario lectivo.
- f) Favorecer o coñecemento da lingua na súa función estética (xéneros e recursos literarios) para espertar o gusto pola literatura, necesario para unha formación humanística e para o desenvolvemento da competencia cultural.

## Lecturas 1º de ESO

1ª EVALUACIÓN	
OBLIGATORIOS	<i>Las brujas</i> , Roald Dahl, Alfaguara.
OPTATIVOS	<b>La vuelta al mundo en ochenta días</b> , Julio Verne. Anaya. Col Clásicos a medida. ISBN 978846836095 <b>Las lágrimas de Shiva</b> , César Mallorquí, Edebé, Colección Periscopio. ISBN: 9788423675104
2ª EVALUACIÓN	
OBLIGATORIO	<b>El cementerio de los ingleses</b> , José María Mendiola, Edebé. ISBN: 9788423676613.
OPTATIVOS	<b>La vuelta al mundo en ochenta días</b> , Julio Verne. Anaya. Col Clásicos a medida. ISBN 978846836095 <b>Las lágrimas de Shiva</b> , César Mallorquí, Edebé, Colección Periscopio. ISBN: 9788423675104
3ª EVALUACIÓN	
OBLIGATORIO	<i>La zapatera prodigiosa</i> , Federico García Lorca, Alianza.
OPTATIVOS	<b>La vuelta al mundo en ochenta días</b> , Julio Verne. Anaya. Col Clásicos a medida. ISBN 978846836095 <b>Las lágrimas de Shiva</b> , César Mallorquí, Edebé, Colección Periscopio. ISBN: 9788423675104

## Lecturas 2º de ESO

1ª EVALUACIÓN	
OBLIGATORIO	<i>Los escarabajos vuelan al atardecer</i> , María Gripe, SM.
OPTATIVOS	<i>El sueño de Berlín</i> . Alonso, Ana y Pelegrin, Javier. Ed. Anaya, ISBN: 978-84-678-7143-2

<b>2ª EVALUACIÓN</b>	
OBLIGATORIO	<i>Mentira</i> , de Care Santos, Ed. edebé, ISBN: 978-84-683-1577-5
OPTATIVOS	<i>Colmillo Blanco</i> , London, Jack. Ed. Anaya.
<b>3ª EVALUACIÓN</b>	
OBLIGATORIO	<i>Campos de fresas</i> , Jordi Sierra i Fabra, Ed.SM, ISBN: 97884-675-2923-4
OPTATIVOS	<i>Estudio en escarlata</i> , Conan Doyle, Arthur. Ed. Anaya.

### Lecturas 3º de ESO

<b>1ª EVALUACIÓN</b>	
OBLIGATORIO	<i>Cordeluna</i> , Elia Barceló. Edebé.
OPTATIVO	<i>La espada y la rosa</i> , Antonio Martínez Mechén, Ed. Alfaguara. ISBN: 9788420447599
<b>2ª EVALUACIÓN</b>	
OBLIGATORIO	<i>Lazarillo de Tormes</i> , Anónimo, Anaya.
OPTATIVO	<i>La ciudad de las bestias</i> , Isabel Allende, Debolsillo, ISBN: 9788497935692
<b>3ª EVALUACIÓN</b>	
OBLIGATORIO	<b>Un viejo que leía novelas de amor</b> , Luis Sepúlveda, Tusquets. ISBN: 9788483835302
OPTATIVO	Selección de relatos realizados por la docente y colgados en el AV.

### Lecturas 3º de PDC

<b>1ª EVALUACIÓN</b>	
OBLIGATORIO	LUTZ VAN DIJK, <i>Romeo y Jabulile</i> , Oxford. FERNÁNDEZ PAZ, <i>Cartas de invierno</i> . Xerais.
<b>2ª EVALUACIÓN</b>	
OBLIGATORIO	MEJUTO, EVA, <i>22 segundos</i> . Xerais. JOACHIM FRIEDRICH, <i>El caso de la profesora desaparecida</i> , Edebé.

**3ª EVALUACIÓN**

OBLIGATORIO	MARÍA REIMÓNDEZ, <i>Usha, Xerais</i> . ALFREDO GÓMEZ CERDÁ, <i>Ninfa rota, Anaya</i> .
-------------	---

**Lecturas 4º de ESO****1ª EVALUACIÓN**

OBLIGATORIO	<i>Marianela</i> , Benito Pérez Galdós, Edebé.
OPTATIVO	<i>El camino</i> , Miguel Delibes, Ed. Destino.

**2ª EVALUACIÓN**

OBLIGATORIO	<i>Antología poética de la Generación del 27</i> , Varios, Santillana, Loqueleo.
OPTATIVO	<i>La casa de Bernarda Alba</i> , Federico García Lorca, Cátedra.

**3ª EVALUACIÓN**

OBLIGATORIO	<i>Historia de una escalera</i> , Antonio Buero Vallejo, Espasa Austral.
OPTATIVO	Selección de relatos realizados por la docente.

**Lecturas 1º BACHILLERATO****1ª EVALUACIÓN**

*La Celestina*, Fernando de Rojas, Vicens Vives, Clásicos adaptados.

**2ª EVALUACIÓN**

*Fuenteovejuna*, Lope de Vega, Vicens Vives, Clásicos hispánicos.

**3ª EVALUACIÓN**

*El sí de las niñas*, Leandro Fernández de Moratín, Cátedra.

## Lecturas 2º BACHILLERATO

1ª EVALUACIÓN
GARCÍA LORCA, FEDERICO, <i>Romancero gitano</i> , Ed. Cátedra.
2ª EVALUACIÓN
GARCÍA MÁRQUEZ, GABRIEL, <i>Crónica de una muerte anunciada</i> , Ed. Debolsillo.
GRANDES, ALMUDENA, <i>El lector de Julio Verne</i> . Tusquets.
3ª EVALUACIÓN
BUERO VALLEJO, ANTONIO, <i>La Fundación</i> . Espasa Libros.

### 4.11. DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

O profesorado deste departamento dedica tempo diario á lectura nas súas aulas empregando textos de diferente tipoloxía textual e guiando ao alumnado para que aumente a súa autonomía e comprensión. Desta arte, todo o alumnado da materia participa en:

- Lectura de temas teóricos da materia, acompañada da explicación correspondente do profesorado.
- Lectura dramatizada de textos escollidos pertencentes a calquera xénero literario (teatro, narrativa e poesía) e das diferentes etapas da nosa literatura. Tamén se introducirá no ensaio.
- Lectura de artigos de prensa, revistas, publicidade e banda deseñada; a través dos que coñecen os diferentes tipos textuais e aprenden a manexar técnicas como o resumo ou o esquema, e a expresar a súa opinión de maneira crítica e razoada.

Amais, o departamento propón libros de lectura obrigatoria entre varios a escoller para cada trimestre e avalíalos mediante probas escritas (PE) ou traballos de lectura (TL). Obviamente, o alumnado pode escoller con asesoramento do profesorado, máis libros cuxa lectura realiza de maneira voluntaria.



**1º de E.S.O. – Lingua galega e literatura**

Carlos Negro (2021): *Non cantan paxaros neste bosque*. Vigo: Xerais

María Reimóndez (2006): *Usha*. Vigo: Xerais

Xabier P. Docampo (2013): *A illa de todas as illas*. Vigo: Xerais

Natalia Carou (2017): *A cova da moura*. A Cruña: Baía

**2º de E.S.O. – Lingua galega e literatura**

Carlos Negro (2021): *Non cantan paxaros neste bosque*. Vigo: Xerais

María Reimóndez (2006): *Usha*. Vigo: Xerais

Xabier P. Docampo (2013): *A illa de todas as illas*. Vigo: Xerais

Natalia Carou (2017): *A cova da moura*. A Cruña: Baía

**1ª avaliación (escoller un)****Narrativa**

Agustín Fernández Paz (2012): *As fronteiras do medo*. A Cruña: Rodeira.

Agustín Fernández Paz (2016): *A casa do medo*. A Cruña: Rodeira.

Agustín Fernández Paz (2006): *Corredores na sombra*. Vigo: Xerais.

Alex Alonso (2023): *Bullying*. Vigo: Xerais.

Ana María Galego Gen (2012): *Bandeiras negras*. A Cruña: Baía.

Care Santos (2015): *Mentira*. A Cruña: Rodeira.

Christine Nöstlinger (2023): *Konrad ou o neno que saíu dun bote de conservas*. Cangas: Sushi Books.

Clara Vila-Amado (2021): *Pegadas na tinta*. Compostela: Oqueleo – Santillana.

Eva Mejuto (2019): *Memoria do silencio*. Vigo: Xerais.

J. D. Salinger (2006): *O vixía no centeo*. Vigo: Xerais.

Jordi Sierra i Fabra (2012): *Kafka e a boneca viaxeira*. Vigo: Galaxia.

J. R. R. Tolkien (2018): *O Hobbit*. Cangas: Sushi books.

Kenneth Grahame (2018): *O vento nos salgueiros*. Cangas: Sushi books.

Kiran Millwood Hargrave (2019): *A rapaza de tinta e estrelas*. Cangas: Sushi books.

Oscar Wilde (2021): *A pantasma de Canterville*. Cangas: Sushi books.

Manuel de Pedrolo (2009): *Mecanoscrito da segunda orixe*. Vigo: Galaxia.

María Reimóndez (2017): *Corredora*. Vigo: Galaxia.

María Victoria Moreno (2012): <i>Anagnórise. Novela de amor</i> . Vigo: Galaxia.
Marilar Aleixandre (2000): <i>A banda sen futuro</i> . Vigo: Xerais.
Roald Dahl (2015): <i>Boy (Relatos de infancia)</i> . Cangas: Sushi books.
Roald Dahl (2017): <i>Matilda</i> . Compostela. Oqueleo – Santillana.
Roald Dahl (2015): <i>Voando só</i> . Cangas: Sushi books.
Xosé Antonio Neira Cruz (2007): <i>Valdemuller</i> . Vigo: Xerme edicións.
Xosé Antonio Neira Cruz (2021): <i>O enigma de Santiago</i> . Vigo: Galaxia.
Xosé Luís Vázquez Somoza (2021): <i>O conserxe</i> . Vigo: Xerais.
Wenceslao Fernández Flórez (2009): <i>O bosque animado</i> . Vigo: Xerais.
<b><u>2ª avaliación (escoller un)</u></b>
<p><b>Poesía</b></p> <p>Antonio García Teijeiro (2018): <i>Poemar o mar</i>. Vigo: Xerais.</p> <p>Carlos Negro (2014): <i>Penúltimas tendencias</i>. Vigo: Xerais.</p> <p>Carlos Negro (2018): <i>Aplicación instantánea</i>. Vigo: Xerais.</p> <p>Fran Alonso (2018): <i>Street Poems</i>. Vigo: Xerais.</p> <p>Marilar Aleixandre (2014): <i>Ovella descarreirada</i>. Vigo: Xerais.</p> <p>Xela Arias (2021): <i>Darío a diario</i>. Vigo: Xerais.</p>
<b>3ª avaliación (escoller un)</b>
<p><b>Teatro</b></p> <p>Bernardino Braña (2019): <i>Lobísimo do saco. Tres titiritadas</i>. Vigo: Galaxia.</p> <p>Kühn-Bode, Heidi (2002): <i>Teatro para contistas</i>. A Cruña: Baía.</p> <p>Manuel Núñez Singala (2014): <i>O achado do castro</i>. Vigo: Galaxia.</p>
<p><b>Ensaio</b></p> <p>Chimamanda Ngozi Adichie (2022): <i>Todos teríamos que ser feministas</i>. Cangas: Sushi books.</p> <p>Valentina Camerini (2020): <i>A historia de Greta</i>. Cangas: Sushi books.</p> <p>Zainab Fasiki (2021): <i>Hshouma</i>. Cangas: Sushi books.</p>

**Narrativa**

Flann O'Brien (2016): *A boca pobre*. Cangas: Rinoceronte editora.

Gaël Faye (2021): *Pequeno país*. Cangas: Rinoceronte editora.

Laetitia Colombani (2021): *A trenza*. Cangas: Rinoceronte editora.

Stefano Marelli (2016): *Outras estrelas uruguayas*. Cangas: Rinoceronte editora.

**3º de E.S.O. – Lingua galega e literatura**

1º trimestre:

Andrea Maceiras (2018): *O que sei do silencio*. Vigo: Xerais.

2º trimestre:

Xosé Miranda (1998): *Morning star*. Vigo: Xerais.

3º trimestre:

María Solar (2017): *Os nenos da variola*. Vigo: Galaxia.

**3º PDC – Ámbito lingüístico e social****Lecturas comentadas de aula**

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (2005): *Cousas*. Vigo: Galaxia [1923]. AULA.

Maria Angelidou (2015): *Mitos griegos*. Barcelona: Vicens Vives.

Sechu Sende (2007) : *Made in Galiza*. Vigo: Galaxia. AULA.

**1ª Avaliación**

Care Santos (2023): *Mentira*. Barcelona: Edebé.

Care Santos (2023): *Verdad*. Barcelona: Edebé.

Care Santos (2023): *Miedo*. Barcelona: Edebé.

César Mallorquí del Corral (2005): *Las lágrimas de Shiva*. Barcelona: Edebé.

Enrique Páez (2002): *Abdel*. Madrid: Ediciones SM.

Jordi Sierra i Fabra (2023): *Dónde esté mi corazón*. Barcelona: Edebé.

Judith Kerr (2007): *Cuando Hitler robó el conejo rosa*. Madrid: Alfaguara.

Peter Hartling (1996): *Lena en el tejado*. Madrid: Alfaguara.

**2ª Avaliación.**

Jesús Castro Yáñez (2021): *Campo de plumas. Poemas LGBT+ para a mocidade dende a Antigüidade ata hoxe*. Cangas: Sushi books.

Karen Finneyfrock; Rachel McKibbens; Mindy Netftee (2020): *Coraxe: poemas audaces para rapazas afoutas*. Cangas: Sushi books.

**3ª Avaliación.**

Care Santos (2023): *Mentira*. Compostela: Rodeira.

Care Santos (2023): *Verdade*. Compostela: Rodeira.

Care Santos (2019): *Medo*. Compostela: Rodeira.

César Mallorquí del Corral (2023): *As lágrimas de Shiva*. Compostela: Rodeira.

Fran Alonso (2006): *Cartas de Amor*. Vigo: Xerais.

Gonzalo Moure (2002): *Palabras de caramelo*. Madrid: Anaya.

J. R.R. Tolkien (2018): *O Hobbit*. Cangas: Sushi books.

Miguel Anxo Murado (2005): *Ruído, relatos de guerra*. Vigo: Galaxia.

**4º de ESO - Lingua galega e literatura.**

Agustín Fernández Paz (2009): *O único que queda é o amor*. Vigo: Xerais.

Andrea Maceiras (2015): *Europa express*. Vigo: Xerais.

Marilar Aleixandre (2008): *A cabeza de medusa*. Vigo: Xerais.

Xosé Miranda (2007): *As mans do medo*. Vigo: Xerais.

**1º de Bacharelato- Lingua galega e literatura.**

Domingo Villar (2019): *A Praia dos afogados*. Vigo: Galaxia.

Arantza Portabales (2023). *A vida secreta de Úrsula Bas*. Vigo: Galaxia.

Ledicia Costas (2019): *Infamia*. Vigo: Xerais.

Ledicia Costas (2015): *Un animal chamado néboa*. Vigo: Xerais.

Xabier Quiroga (2023). *Coa man esquerda*. Vigo: Xerais.

**2º de Bacharelato - Lingua galega e literatura.**

Sechu Sende (2007) : *Made in Galiza*. Vigo: Galaxia.

Manuel Núñez Singala (2007): *A comedia bífida*. Vigo: Galaxia.

Xabier Quiroga (2023). *Coa man esquerda*. Vigo: Xerais.

Antón Riveiro Coello (2022): *Intemperie*. Vigo: Galaxia.

Fran Alonso (2011): *Poetízate. Antoloxía da poesía galega*. Vigo: Xerais.

### **ESA- Lingua galega e literatura.**

*Este ano non impartimos a ESA.*

Ao finalizar cada trimestre, o departamento decidirá os novos libros que se poderán incrementar a estes e se proporán para o seguinte ou ben calquera alteración da relación anterior (volumes esgotados, etc.). Ao longo do curso, o profesorado tamén animará ao alumnado a desenvolver máis lecturas de carácter opcional.

O departamento realiza conferencia de escritores, realizou 12 anos a semana de poesía, e en próximas reunións estableceremos e concretaremos actividades de dinamización lectora, así como a colaboración con aquelas que desenvolva a EDL.

## **4.12. DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS**

Desde esta materia, e tendo en conta o plan lector do centro, intentaranse levar a cabo algunhas das actividades seguintes:

- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados coas Matemáticas.
- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.

## **4.13. DEPARTAMENTO DE MÚSICA**

O departamento de música, tendo en conta o plan lector do centro, e para potenciar o fomento da lectura entre o seu alumnado, propondrá as seguintes actividades nas súas clases:

1. Lectura e explicación por parte do profesor daqueles aspectos teóricos de cada tema, ben sexan históricos, instrumentais..., coa posterior elaboración de resumos, esquemas... para unha mellor comprensión e facilitación da aprendizaxe significativa.

2. Comentarios de audicións e/ou vídeos musicais, reflexionando sobre o visto e/ou escoitado, sobre a estrutura musical e estética, e interpretándoo de xeito oral ou escrito, para chegar a unha comprensión global.

3. Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionadas coa música.

4. Realización de traballos de investigación sobre compositores e grupos musicais, así como bandas sonoras de cine e diferentes pezas, ben do patrimonio galego, coma do resto do mundo.

5. Elaboración dun vocabulario específico de música.

#### **4.14. DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN**

Desde o Departamento de Relixión Católica para potenciar o fomento da lectura e tendo en conta o plan lector do centro, intentarase levar a cabo algunhas das seguintes actividades, se as circunstancias o permiten.

- Lectura de textos do caderno de actividades complementarias, de textos da Biblia , así como de noticias de prensa, revistas ou libros relacionados coa materia e que sexan de interese.

- Elaboración de resumes e esquemas para a facilitar a comprensión dos textos.

- Posible elaboración dun vocabulario específico da materia en 1º e 2º da ESO dende a plataforma EVA do proxecto E-Dixgal.

- Utilizar a biblioteca para fomentar a autonomía na busca de información en distintos soportes para realizar actividades e traballos, (este curso sempre que sexa posible).

- Alternarase a lectura individual silenciosa coa lectura de textos escollidos en voz alta traballando despois a comprensión dos mesmos.

- Reflexionar sobre o contido dun texto ou dun DVD (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).

- Algunhas lecturas recomendadas son:

- La Santa Biblia. Ed. San Pablo.

- O Novo Testamento. Ed. San Pablo

- Rajal, Manuel: "San Froilán, el lobo y otras historias". Ed.Publicaciones Diócesis de Lugo.

- La Biblia didáctica, Ed SM.

- La Biblia Manga: del Génesis al Apocalipsis Ed. Panini.

- La Biblia Manga: el Nuevo Testamento. Ed. Panini.

#### **4.15. DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA**

Desde esta materia, e tendo en conta o plan lector do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como os seguintes:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
- Reflexionar sobre o contido dun texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

Para iso, algunhas das actividades propostas poden ser:

- Dedicación á lectura naqueles temas teóricos da materia, de maneira que esa lectura vaia acompañada coa explicación correspondente do profesorado. Posteriormente, o alumnado podería elaborar esquemas que lle axudasen a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe.
- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados coa Tecnoloxía.
- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
- Elaboración dun vocabulario específico de Tecnoloxía. Nun caderno iranse anotando os diferentes termos específicos e novos que vaian xurdindo ao longo do curso escolar.

#### **4.16. DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

Dende as materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, e tendo en conta o plan lector do centro, levaranse a cabo en 1º e 2º da ESO lecturas diarias dun mínimo de 10 minutos de textos propios das materias e tamén relacionados coas mesmas. Deste xeito non só se fomenta a lectura senón que tamén se pretende introducir ao alumnado no coñecemento histórico, xeográfico e artístico, e acadar as competencias básicas a partir dunha lectura comprensiva.

Perséguese que as actividades favorezan a lectura partindo de textos orixinais, onde o alumnado estea en contacto directa coas fontes, da lectura de libros e revistas temáticas, mais tamén de blogues e páxinas web especializadas, co que se reforzará o emprego das novas tecnoloxías.

Así, a lectura diaria dun mínimo de 10 minutos, acompañada da explicación correspondente do profesorado, favorecerá:

- ❑ A comprensión, interpretación e reflexión do contido do texto para a obtención da información necesaria.

- ❑ O emprego con propiedade da terminoloxía básica da Historia, Xeografía e Arte para a elaboración dun vocabulario específico de cada materia, na parte de atrás do caderno ou arquivador de folios, onde se irán anotando os diferentes termos específicos e novos que vaian xurdindo ao longo do curso escolar.

- ❑ A elaboración e realización de actividades de indagación-investigación e de síntese nas que se analicen, contrasten e integren informacións diversas, valorando o papel das fontes e o labor do historiador, xeógrafo e estudoso do Arte.

Asemade, no resto dos cursos da ESO, a lectura será necesaria para facer os traballos na aula o una casa que cada profesor propoña ao alumnado.

En Bacharelato a lectura foméntase a través dos traballos que o alumnado debe realizar tanto na aula como, sobre todo, na casa. Trátase de mellorar a lectura comprensiva facendo que cada alumno/a aprenda a buscar a información, a seleccionar, a interpretar e redactar textos propios que recollan o aprendido nas fontes.



## 5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DA BIBLIOTECA

### 5.1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN: A BIBLIOTECA COMO LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES

Existirá a figura do *profesor responsábel da biblioteca* que ten un labor non só técnico senón tamén pedagóxico, ofrecendo ao alumnado todas as oportunidades para o uso axeitado das fontes de información e o acceso á lectura como forma de lecer e medio de enriquecemento persoal exercendo o papel de mediador no proceso lector.

Tamén existirá un *equipo de apoio da biblioteca* formado por profesorado de diferentes departamentos que traballará en coordinación co profesor responsábel da biblioteca para conseguir os obxectivos fixados. Tanto o responsábel como o equipo deben ter unha dedicación horaria suficiente para desempeñar o seu labor e permitir que a biblioteca estea aberta o máximo de períodos lectivos posible. Os membros deste equipo terán unha hora de reunión semanal para coordinar os traballos e a organización da biblioteca escolar.

Continuaremos coa figura do **alumnado colaborador da biblioteca** coa finalidade de implicalo na súa organización e xestión.

Continuarase co rexistro dos fondos en soporte informático empregando a plataforma **KOHA**. Os préstamos e devolucións de fondos serán xestionados tamén mediante o anterior sistema. O fondo bibliográfico da biblioteca do centro poderá ser consultado a través da páxina web <https://ieslamaquendas.edubib.xunta.gal/>. Tamén haberá na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas/> unha sección dedicada á biblioteca.

No vindeiro curso continuarase co club de lectura, con todas as seccións de alumnado, profesorado e persoal non docente, nais, pais e amigas.

Como a biblioteca debe seguir ampliando e actualizando os seus materiais, continuará o expurgo dos fondos documentais que leven tempo sen empregarse, incorporándoos ao arquivo histórico anexo habilitado para ese fin.

Para ir avanzando cara *unha biblioteca como laboratorio creativo de aprendizaxes* promoverase dende o equipo coordinador que siga a ser empregada como espazo xa non só de aula dalgunhas materias, senón tamén como lugar de reunión e traballo de diferentes grupos (como os do club de lectura ou da revista de dinamización lingüística) á hora de desenvolver proxectos sobre calquera área educativa, continuando co labor realizado nos pasados cursos con recitais literario-musicais, obradoiros de teatro e radio, creación literaria ou encontros con persoas autoras.

Todo o anterior terá que ser recollido nun protocolo de apertura e uso no que se teña en conta o persoal dispoñíbel, o horario de apertura da biblioteca con supervisión do equipo, o número de usuarias simultáneas na mesma franxa horaria, a desinfección do espazo e dos materiais, as medidas a ter en conta para os préstamos e as devolucións, así como outras iniciativas que deberán adaptarse ou modificarse, e as rutinas nas que cumprira instruír aos membros da comunidade educativa, tendo en conta as medidas sanitarias que recomenden ou establezan as autoridades competentes.

## **5.2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO**

A biblioteca escolar pretende ser a principal fonte de recursos do centro e polo tanto é imprescindible a actualización e provisión do material necesario para poñer en marcha o *Proxecto Lector* e para dotar aos distintos departamentos dos fondos documentais que lles faciliten o seu labor docente. É un compromiso da nosa biblioteca escolar dispoñer dun mínimo de exemplares das lecturas que aparecen nas programacións didácticas do profesorado ata onde nos sexa posíbel.

Atendendo aos obxectivos do *Proxecto Lector*, estes deben servir para o desenvolvemento da *competencia lingüística*, para incrementar o gusto pola literatura (*competencia cultural e artística*), para dotar de recursos ao alumnado no seu acceso á información (*tratamento da información e competencia dixital*) e para facilitar a autoaprendizaxe (*competencia para aprender a aprender*).

Estes recursos difundiranse a través de actividades específicas como *centros de interese*, elaboración de *guías de novidades*, *exposicións*, e outras actividades que co gallo das distintas conmemoracións se programen na biblioteca. Ademais, pedirase aos distintos departamentos toda a colaboración posíbel para que a adquisición destes fondos sexa axeitada para a súa práctica docente.

Seguirase coas sesións de animación lectora e cos encontros con autoras, que nos axudarán a coñecerlas, a comprender mellor os seus libros e a fomentar o gusto pola lectura.

Realizaremos, en colaboración con distintos departamentos do centro, actividades de animación lectora, realizadas por persoal do centro ou animadoras alleas que achegarán ao alumnado os libros dun xeito máis lúdico.

Continuaremos coa *catalogación de vinilos* do noso arquivo histórico (e provenientes da Aula de Música do centro) que comezamos o curso pasado en colaboración co Departamento de Música e a súa materia de Hª da Música e a Danza de 2º de Bacharelato. Con algúns deles realizamos algúns *podcasts* divulgativos.

Con todo iso pretenderase servir de apoio a un proceso educativo que, partindo da lecto-escritura, avance cara a alfabetización informativo-dixital, a alfabetización multimedia, a alfabetización intercultural e, xa que logo, á integradora de todas elas e coñecida nesta nosa sociedade da información, de todas e para todas, como a *alfabetización múltiple*.

### **5.3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL**

Dentro das actividades que recolle o proxecto lector do centro está a formación de persoas usuarias da biblioteca. Tal e como se fixo en cursos anteriores programáranse varias sesións de actividades para coñecer o espazo físico da biblioteca e os fondos da mesma, para facilitar o acceso á información e a consulta do catálogo e elaboráranse *guías de formación, presentacións dixitais e actividades* para traballar co alumnado, sempre coa colaboración necesaria do profesorado e preferentemente a través do plan de acción tutorial. Neste apartado terá unha especial atención a formación do alumnado colaborador da biblioteca, xa que entre as súas funcións está a de axudar ao resto de compañeiras na busca dos materiais da biblioteca.

Nestes tempos estraños parécenos imprescindible incidir aínda máis na *educación contra a desinformación*, dotando e informando sobre ferramentas e *boas prácticas* para a comunidade educativa que axuden a loitar contra unha das principais lacras do mundo actual.

#### **5.4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO**

Intentarase realizar as seguintes actividades que forman parte tamén do proxecto lector do centro:

- a) *Plan de lecturas curriculares*: Dotación das obras e textos que complementan o currículo.
- b) *Club de lectura*: Tentaremos seguir coas distintas seccións do club de lectura prestando especial atención á de nais, pais e amigas, por considerar que é dende as propias casas onde se pode facer máis polo fomento da lectura. Faranse reunións periódicas para debater sobre unha obra literaria e encontro con autoras e animadoras da lectura.
- c) Continuaremos co recuncho de conmemoracións onde se exporán os materiais dos que dispón a biblioteca relacionados co evento a lembrar.
- d) *Paneis conmemorativos*: Atendendo as distintas actividades que se realicen no centro.
- e) *Centros de interese*: Exposición de material dispoñíbel no centro relacionado coas actividades académicas.
- f) *Titorías pola lectura*: Coordinación coas titorías para facilitar materiais coa finalidade de desenvolver a competencia lectora.
- g) Continuarase cos *préstamos de libros durante os períodos de vacacións* para facilitar a lectura no tempo de lecer.
- h) Continuaremos coa caixa de suxestións para que o alumnado poida pedir os materiais do seu interese.
- i) Seguiremos co *préstamo de e-books* e tentaremos incorporar os fondos destes ao blog para dar visibilidade ao mesmo.

#### **5.5. AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA**

O centro intentará conseguir unha biblioteca inclusiva para os distintos tipos de ANEAE (Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo), aínda que o centro non presenta moitos casos neste sentido. Para o seguinte curso traballaranse aspectos como:

- a) Contemplan a adquisición e/ou creación de textos adaptados como audiolibros e crear recursos en diferentes soportes e formatos.

b) Programar actividades adaptadas para os distintos tipos de ANEAE para fomentar a participación.

c) Traballar para conseguir unha actitude de normalización, visibilidade, respecto e axuda en relación coa diversidade que acade a integración deste alumnado.

d) Buscar material de lectura axeitado para o alumnado de Ensinanzas Básicas Iniciais (EBI).

## **5.6. OUTRAS ACTUACIÓNS**

a) Queremos pensar na nosa biblioteca como un fervedoiro de inquietudes que nos motive, xunto co resto da comunidade educativa, á realización de actividades e proxectos que contribúan á compensación das desigualdades sociais e á calidade do ensino que se imparte no centro, implicándonos en actividades de extensión cultural destinadas a toda a comunidade e contribuindo, xa que logo, á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da ONU (ODS da Axenda 2030).

b) *Traballos de investigación:* Dotación e información sobre material e técnicas para a realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos das materias ou áreas do currículo.

c) *Fomentarase o uso da biblioteca como aula de traballo* e como centro de recursos tanto para o profesorado como para o alumnado.

d) *Glosarios de termos específicos:* Colaborarase na elaboración de vocabularios específicos para a aula, en cada materia.

e) *Conmemoracións e efemérides:* Programaranse actividades co gallo das distintas celebracións dentro do calendario escolar: exposicións, concursos, talleres, etc...

f) *Encontros con persoeiros (escritores, científicos, artistas, contacontos, etc...).*

g) *Semanas didácticas:* Semana do amor, da poesía, do libro...

h) *Sesións de animación lectora:* No que acudirán persoas expertas para traballar co alumnado.

i) *As nosas creadoras:* Manter a caixa de suxestións na que se recollen as creacións ou traballos do noso alumnado.

j) *Revista escolar:* Colaboracións coa revista escolar realizada polo E. D. Lingüística.

k) *Radio:* Daremos continuidade a este proxecto na *Aula de Radio A fume de qarozo* para, pouco a pouco e neste curso vindeiro, conseguir unha maior implicación da comunidade educativa máis aló das actividades feitas polo equipo da biblioteca e do club de lectura.

## **5.7. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E PROCEDIMENTOS QUE SE VAN UTILIZAR**

En canto aos criterios, terase en conta a dispoñibilidade do profesorado para a biblioteca, as modificacións e melloras do espazo físico e do catálogo, o funcionamento e utilidade do sistema KOHA para a catalogación, a organización e dispoñibilidade dos documentos tanto para o alumnado como para o profesorado, o nivel de formación das usuarias, o grao de uso da biblioteca como centro de recursos do centro, o desenvolvemento do programa das actividades de animación á lectura e o nivel global de funcionamento do proxecto de biblioteca.

Para a avaliación os instrumentos serán a observación e rexistro dos procesos e dos resultados obtidos e da realización de enquisas tanto ao profesorado como ao alumnado. A finais de curso o equipo da biblioteca elaborará unha memoria na que se recollerán as conclusións.

Para a avaliación do *Proxecto lector* e da *Biblioteca* pasaranse diferentes enquisas tanto aos departamentos como ao profesorado e ao alumnado.

## **5.8. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADOR DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO**

A persoa dinamizadora da biblioteca escolar será *Juan Manuel Vázquez Vázquez* ([nocturno@edu.xunta.gal](mailto:nocturno@edu.xunta.gal)), que disporá no seu horario de polo menos 3 períodos lectivos para desempeñar as súas funcións.

O equipo de apoio da biblioteca estará formado por profesorado que teña horas libres no seu horario semanal, intentando manter aquel que leva realizando esta función nos últimos anos.

En canto ao horario da biblioteca, permanecerá aberta os máximos períodos lectivos posibles, ademais de todos os recreos. Nos recreos facilitaranse os préstamos de libros e consultas.

O equipo da biblioteca terá un período semanal dedicado a unha reunión para a coordinación do funcionamento da biblioteca.

Durante o curso 2023/2024 o horario previsto será o seguinte:

<b>Horas</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>8:45 h-9:35 h</b>		Juan Manuel Vázquez Vázquez		Juan Manuel Vázquez Vázquez	
<b>9:35 h-10:25 h</b>			<b>Reunión Biblioteca</b>		
<b>10:25 h-11:15 h</b>	María Gago Martínez	Francisco Campos Vaz	Teresa Vázquez Vázquez	María Gago Martínez	Teresa Vázquez Vázquez
<b>Recreo</b>	Juan Manuel Vázquez Vázquez	Juan Manuel Vázquez Vázquez	Juan Manuel Vázquez Vázquez	Juan Manuel Vázquez Vázquez	Juan Manuel Vázquez Vázquez
<b>11:45 h-12:35 h</b>	Teresa Vázquez Vázquez		María Gago Martínez	Francisco Campos Vaz	
<b>12:35 h-13:25 h</b>	María Gago Martínez	Francisco Campos Vaz			
<b>13:25 h-14:15 h</b>					

## **6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Para a avaliación deste plan terase en conta o grao de cumprimento dos seguintes aspectos:

- Cumprimento dos obxectivos.
- Organización de espazos e tempos
- Uso e organización da biblioteca.
- Estratexias de comprensión lectora.
- Fomento da lectura.
- Integración das TIC no plan.
- Implicación das familias e do entorno.



## **7. AVALIACIÓN DO PLAN**

Para a avaliación do plan aplicaranse os mesmos métodos que se reflicten no proxecto lector de centro e tamén a información procedente de:

- Rexistro de datos realizado polo profesorado.
- Enquisas ao profesorado para avaliar o plan.
- Enquisas ao alumnado para recadar información sobre a súa participación, opinións, suxestións...
- Valoracións obtidas das sesións de avaliación.
- A CCP elaborará anualmente un informe global a partir dos datos obtidos ao longo do curso co fin de extraer conclusións e facer previsións de cara ao curso seguinte.

A continuación móstrase algún dos documentos que se utilizarán para a recollida destes datos.

## Documento para os departamentos didácticos

### I.- COMEZO DO CURSO

Nas programacións incluírase un apartado dedicado á competencia lectora sinalando as actividades (temporalizadas) para fomentar dita competencia, o tempo dedicado á lectura diaria, as prácticas de comprensión e de fomento da lectura e da escritura e os obxectivos que se pretenden neste campo.

### II.- REMATE DO CURSO

#### 1.- Avaliación do proxecto lector

	Valoración			
	E.S.O.			
	1º	2º	3º	4º
1. Grao de consecución dos obxectivos iniciais				
2. Adecuación das actividades aos obxectivos propostos				
3. Grao de cumprimento do fomento da lectura				
4. Grao de satisfacción na realización ou participación en actividades propostas no plan lector				

Valoración	MA= Moi Alta (máis do 80%)	A= Alta (60%-80%)	M= Media (40%-60 %)	B=Baixa (menos do 40%)
------------	-------------------------------	----------------------	------------------------	---------------------------

#### 2.- Avaliación da competencia lectora.

	Número de alumnos/as															
	1º E.S.O.				2º E.S.O.				3º E.S.O.				4º E.S.O.			
	A	B	C	D	A	B	C	D	A	B	C	D	A	B	C	D
Número total de alumnado en cada grupo																
Indicar o número nos que é satisfactoria:																
1.- Lectura expresiva																
2.- Comprensión lectora																
3.- Expresión oral																
4.- Expresión escrita																
5.- Autonomía na busca de información																
6.- Actitude do alumnado ante a lectura																
7.- Progresión nas competencias básicas no ámbito lector																

#### 3. Observacións (avances ou dificultades):

#### 4.- Suxestións:

## **Documento para o responsable da biblioteca**

### **I.- COMEZO DO CURSO**

Programación dos obxectivos, actividades (temporalizadas) e actuacións previstas para adquisicións de fondos e organización de espazos físicos.

### **II.- REMATE DO CURSO**

- 1.- Estatísticas de préstamos de libros.
- 2.- Grao de cumprimento das actividades programadas e nivel de participación nelas.
- 3.- Melloras na adquisición e organización de espazos físicos e fondos documentais.
- 4.- Disponibilidade de profesorado con dedicación dun horario suficiente.
- 5.- Avance na utilización das novas tecnoloxías.
- 6.- Mellora da capacidade dos usuarios para a localización e uso dos recursos.
- 7.- Valoración do uso biblioteca.